

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O USO GRATUITO DOS SERVIZOS NO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ.

MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten previsto formalizar coa Deputación Provincial de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense para facilitar a participación dos menores do Centro de Menores A Carballeira nos programas de fitness e escolas deportivas que se desenvolvan no pazo dos deportes Paco Paz, cunha exención total sobre as tarifas mensuais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Poñer a disposición dos/das menores que se atopan no Centro de Menores A Carballeira dun recurso a través do cal fomentar o deporte facendo uso dos programas de fitness e escolas deportivas, que se desenvolvan no pazo do deportes Paco Paz.

O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.



Antes da finalización da vixencia indicada, os asinantes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por períodos sucesivos non superiores cada un deles a un ano, ata un límite máximo de tres anos.

A sinatura deste convenio non conleva contraprestación económica entre as partes.

En relación co número de beneficiarios previstos coa aplicación deste convenio, a dirección do Centro de Menores A Carballeira acreditará, periodicamente, a relación das persoas beneficiarias do presente convenio, garantindo a intimidade dos rapaces incluídos en dita relación.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, e a Deputación Provincial de Ourense, comprometida institucionalmente coa infancia, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución do benestar dos/as menores en situación de risco ou desamparo, mediante unha perspectiva de educación integral e de enfoque de dereitos, que favoreza o desenvolvemento de todas as capacidades das persoas menores e aportando ferramentas para o cambio persoal e social.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

